

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6291 *Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

A disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na redacción dada polo Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector eléctrico e se aproba o bono social, establece que a partir do 1 de xaneiro de 2013 as peaxes de acceso serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas sen que poida aparecer déficit ex ante. Así mesmo, a referida disposición regula un período transitorio ata a dita data, limitando durante este o déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico.

Ao mesmo tempo regúlase o financiamento do déficit tarifario e prevese a cesión dos correspondentes dereitos de cobramento a un fondo de titulización que se denomina Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico.

O obxecto deste real decreto é desenvolver os números 4 e 5 da mencionada disposición adicional vixésimo primeira en que se prevé que mediante un real decreto se regulará o activo e o pasivo do referido Fondo.

Así, respecto ao activo, a finalidade deste real decreto é a de determinar o prezo e as condicións de cesión dos dereitos de cobramento a que fai referencia o número 4 da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

En canto ao pasivo, o real decreto establece as bases do procedemento competitivo polo que se emitirán os instrumentos financeiros do Fondo. De acordo co número 8 do artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, autorizouse a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda a outorgar avais en garantía das obrigas económicas exhibibles ao Fondo, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o dito Fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo.

Ademais, créase a Comisión Interministerial que terá como finalidade velar polo correcto cumprimento das condicións en que se deben executar as tarefas asignadas á Sociedade Xestora do Fondo, así como desempeñar as súas funcións de supervisión, aprobación e cesamento en caso de mala práctica ou incumprimento das funcións e requisitos establecidos nos pregos.

Sobre este real decreto emitiu informe a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do 4 de febreiro de 2010. Así mesmo, a Comisión Nacional de Enerxía emitiu informe con data 22 de decembro de 2009.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Economía e Facenda, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de abril de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto do real decreto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, de acordo co previsto na disposición adicional vixésimo

primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na redacción dada polo Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector eléctrico e se aproba o bono social.

CAPÍTULO II

Dereitos de cobramento e titulares iniciais

Artigo 2. *Dereitos de cobramento susceptibles de cesión ao Fondo de titulización.*

1. Tal e como se establece no Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, os déficit do sistema de liquidacións eléctrico xeran dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual por peaxes de acceso dos anos sucesivos ata a súa satisfacción. Os pagamentos que realice a Comisión Nacional de Enerxía necesarios para satisfacer os dereitos de cobramento terán consideración de custos permanentes do sistema e recadaranse a través das peaxes de acceso ata a súa satisfacción total.

Estes dereitos de cobramento poderán ser cedidos ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico.

En concreto, poderanse ceder ao citado Fondo as seguintes categorías de dereitos de cobramento:

i. Os dereitos de cobramento xerados e non cedidos a terceiros polos titulares iniciais do dereito ata 10.000 millóns de euros en 31 de decembro de 2008. Dentro destes, recoñécense as seguintes categorías:

a) «Dereitos de cobramento peninsular 2006»: dereitos de cobramento recoñecidos no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica. Estes dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2007. En 31 de decembro de 2008 o importe recoñecido, pendente de cobramento, destes dereitos é de 2.082.719.651,47 euros.

b) «Dereitos de cobramento peninsular 2008»: dereitos de cobramento recoñecidos na Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008, e na Orde ITC/1857/2008, do 26 de xuño, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xullo de 2008. Os ditos dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2008. En 31 de decembro de 2008 o importe recoñecido, pendente de cobramento, destes dereitos é de 4.136.117.970,01 euros.

c) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2001-2002»: dereitos de cobramento recoñecidos na Orde ECO/2714/2003, do 25 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 1432/2002, do 27 de decembro, no referente á cesión e/ou titulización do custo correspondente ao desaxuste de ingresos das actividades reguladas anterior a 2003 e do custo correspondente ás revisións derivadas dos custos extrapeninsulares. Os ditos dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 8 anos contados desde o 1 de xaneiro de 2003. En 31 de decembro de 2008 o importe recoñecido, pendente de cobramento, destes dereitos de cobramento é de 264.327.140,00 euros.

d) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2003-2005»: dereitos de cobramento recoñecidos na Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008. Os ditos dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2005. En 31 de decembro de 2008 o importe recoñecido, pendente de cobramento, destes dereitos é de 471.988.140,00 euros.

e) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2006»: recoñécense dereitos de cobramento por un importe pendente de cobramento, en 31 de decembro de 2008, de 745.594.000,00 euros. Estes dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2010.

f) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2007»: recoñécense dereitos de cobramento, por un importe pendente de cobramento en 31 de decembro de 2008, de 346.620.000,00 euros. Estes dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2010.

g) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2008»: recoñécense dereitos de cobramento por un importe pendente de cobramento, en 31 de decembro de 2008, de 467.228.000,00 euros. Estes dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos desde o 1 de xaneiro de 2010.

As cantidades indicadas neste punto son definitivas para os efectos da cesión. Calquera diferenza que poida xurdir entre os importes anteriores e os que poidan resultar das liquidacións definitivas correspondentes a eses períodos considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

ii. «Dereitos de cobramento déficit 2009»: recoñécense dereitos de cobramento por un importe pendente de cobramento, en 31 de decembro de 2009, de 3.500.000.000,00 euros. Estes dereitos de cobramento recuperaranse nun prazo máximo de 15 anos contados desde o 1 de xaneiro de 2010.

Esta cantidade é definitiva para os efectos de cesión. Calquera diferenza positiva que puiden xurdir entre o importe anterior e o resultante das 14 liquidacións correspondentes ao dito período terase en conta á hora de establecer o déficit ex ante do período seguinte, que deberá ser minorado na dita cantidade.

Calquera diferenza que poida xurdir entre o importe das 14 liquidacións e o importe resultante da liquidación definitiva correspondente a 2009 considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

iii. «Dereitos de cobramento déficit 2010», «Dereitos de cobramento déficit 2011» e «Dereitos de cobramento déficit 2012»: recoñécense dereitos de cobramento polo financiamento dos déficit peninsulares e extrapeninsulares xerados para cada un dos tres exercicios comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2012, que se recuperarán nun prazo máximo de 15 anos contados desde o 1 de xaneiro do exercicio seguinte ao do seu recoñecemento. O importe pendente de cobramento de cada un dos dereitos será igual ao importe dos déficit de ingresos que, se é o caso, se estime que se poidan producir nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico polas disposicións polas cales se aproben as peaxes de acceso ata o 1 de xaneiro de 2013. Estes importes serán recoñecidos cada ano na orde ministerial pola cal se fixan as tarifas de acceso do ano seguinte, momento a partir do cal os dereitos poderán ser cedidos ao referido Fondo de titulización.

Calquera diferenza positiva que puiden xurdir entre o importe do déficit que se recoñeza nas citadas ordes ministeriais e o resultante das catorce liquidacións correspondentes a cada un dos períodos de que se trate, terase en conta á hora de establecer o déficit ex ante do período seguinte, que deberá ser minorado na dita cantidade.

A diferenza positiva que puiden xurdir entre o importe que se recoñeza para o déficit de 2012 e o resultante das 14 liquidacións correspondentes ao dito período considerarase un ingreso liquidable do sistema.

Calquera diferenza que puiden xurdir entre o importe das 14 liquidacións de cada exercicio e o resultante das liquidacións definitivas correspondentes considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

2. O tipo de xuro de actualización que xerarán os importes pendentes de cobramento recoñecidos no parágrafo i do número 1, a partir do 31 de decembro de 2008, e no parágrafo ii do número 1, a partir do 31 de decembro de 2009, ata que, se é o caso, sexan cedidos ao Fondo de titulización, será o seguinte:

a) «Dereitos de cobramento peninsular 2006»: o tipo de xuro, conforme o establecido no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, é o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

b) «Dereitos de cobramento peninsular 2008»: o tipo de xuro será o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

c) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2001-2002»: o tipo de xuro, conforme o establecido na Orde ECO/2714/2003, é a media diaria do EURIBOR a tres meses do ano anterior á data de actualización.

d) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2003-2005»: o tipo de xuro, conforme o establecido na Orde ITC/3860/2007, é o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

e) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2006»: o tipo de xuro será o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

f) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2007»: o tipo de xuro será o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

g) «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2008»: o tipo de xuro será o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización.

h) «Dereitos de cobramento déficit 2009»: o tipo de xuro será o EURIBOR a tres meses da media das cotizacións do mes de novembro do ano anterior á data da actualización máis un diferencial de 0,20 puntos porcentuais.

3. Entenderase como EURIBOR a tres meses o tipo publicado pola Federación Bancaria Europea e a Financial Markets Association (ACI) para depósitos en euros a tres meses en base ACT/365. A media será o resultado de dividir a suma dos tipos diarios de todos os días hábiles, segundo o calendario TARGET do Banco Central Europeo do período que se vai considerar, entre o número total de días hábiles do dito período.

Artigo 3. Procedemento para o cálculo do importe pendente de cobramento dos dereitos que poden ser cedidos ao Fondo de titulación.

1. A Comisión Nacional de Enerxía comunicaralle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o importe pendente de cobramento en 31 de decembro, respecto de cada un dos dereitos de cobramento non cedidos ao termo de cada exercicio, que deberá ser aprobado mediante resolución da citada dirección xeral antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

2. Para o cálculo do importe pendente de cobramento en 31 de decembro do ano inmediatamente precedente ao ano en curso de cada un dos dereitos de cobramento recoñecidos e non cedidos, aplicaranse as seguintes regras:

a) Tomarase como importe inicial o último importe pendente de cobramento recoñecido do dereito en 31 de decembro fixado na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

b) A dita cantidade incrementarase cos xuros anuais recoñecidos, resultantes da aplicación do tipo de xuro correspondente conforme o disposto no número 2 do artigo 2.

c) Da cantidade resultante da operación descrita na letra b anterior deducirase o importe da anualidade recoñecida na disposición pola que se establecen as tarifas de acceso.

3. Para o cálculo do importe pendente de cobramento en data distinta do 31 de decembro de cada un dos dereitos de cobramento xerados e non cedidos aplicaranse as seguintes regras:

a) Tomarase como importe inicial o importe pendente de cobramento do dereito en 31 de decembro do ano inmediatamente precedente fixado mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. No caso de que no momento do cálculo

aínda non estiver fixada a dita resolución, o importe do dereito pendente de cobramento en 31 de decembro calcularase conforme o establecido no número 2 deste artigo.

b) A dita cantidade incrementarase cos xuros recoñecidos, resultantes da aplicación do tipo de xuro correspondente conforme o disposto no número 2 do artigo 2, seguindo a seguinte fórmula:

$$FA = \left(1 + \frac{n_t}{365} \times i_t \right)$$

Onde:

FA = factor de actualización do dereito de cobramento
 t = ano do momento do cálculo
 i_t = tipo de xuro de actualización correspondente para o ano t segundo o disposto no número 2 do artigo 2
 n_t = Número de días do ano t desde o 31 de decembro do ano anterior ata o momento do cálculo

c) Da cantidade resultante da operación descrita na letra b anterior deducirase o importe constituído polas liquidacións devengadas, de acordo co anexo II, correspondentes ao exercicio en curso desde o 31 de decembro do ano anterior ata o momento do cálculo.

Artigo 4. *Titulares iniciais dos dereitos de cobramento.*

1. No sistema peninsular son titulares iniciais dos dereitos de cobramento referidos no artigo 2.1 anterior as empresas que, en virtude do establecido no artigo 24 do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública, así como o establecido polo Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, asumisen a obriga de financiar o déficit do sistema de liquidacións eléctrico.

a) Os titulares iniciais e os importes dos dereitos de cobramento definidos no parágrafo i) do número 1 do artigo 2, en 31 de decembro de 2008, son os seguintes:

	Euros
Dereitos de cobramento 2006:	
Iberdrola, S. A.	744.958.745,19
Gas Natural S.D.G., S. A.	236.970.983,93
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	114.414.523,03
Endesa, S. A.	936.057.788,86
Elcogás, S.A.	50.317.610,46
Dereitos de cobramento 2008:	
Iberdrola, S. A.	1.448.054.901,02
Gas Natural S.D.G., S. A.	531.077.547,54
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	251.475.972,73
Endesa, S. A.	1.826.509.695,66
Elcogás, S.A.	78.999.853,06

As cantidades indicadas neste parágrafo son definitivas para os efectos da cesión. Calquera diferenza que puider xurdir entre os importes anteriores e os que poidan resultar das liquidacións definitivas correspondentes a eses períodos considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

b) Os titulares iniciais e os importes dos dereitos de cobramento definidos no parágrafo ii) do número 1 do artigo 2, en 31 de decembro de 2009, son os seguintes:

	Euros
Iberdrola, S. A.	1.225.350.000,00
Gas Natural S.D.G., S. A.	480.119.575,06
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	212.800.000,00
E.ON Generación, S.L.	33.757.774,79
Endesa, S. A.	1.545.600.000,00
Elcogás, S. A.	2.372.650,15

As cantidades indicadas neste parágrafo son definitivas para os efectos da cesión. Os importes definitivos pendentes de cobramento de cada un dos titulares iniciais serán aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas tras as liquidacións definitivas correspondentes ao dito período. Calquera diferenza, positiva ou negativa, entre os importes anteriores e os que resulten das liquidacións definitivas considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

c) Os titulares iniciais dos dereitos de cobramento definidos no parágrafo iii) do número 1 do artigo 2 son as seguintes empresas, nas porcentaxes indicadas:

	Porcentaxe
Iberdrola, S. A.	35,01
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	6,08
Endesa, S. A.	44,16
EON España, S.L.	1,00
GAS Natural S.D.G, S.A.	13,75

As cantidades que resulten da aplicación destas porcentaxes ao importe pendente de cobramento definido no artigo 2.1. iii) son definitivas para os efectos da cesión. Calquera diferenza, positiva ou negativa, entre os importes cedidos por cada empresa e os que resulten das liquidacións definitivas considerarase ingreso ou custo liquidable do exercicio en curso.

2. Nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, son titulares iniciais dos dereitos de cobramento referidos no artigo 2.1 anterior, correspondentes ao déficit dos custos específicos destinados á compensación destes sistemas, Endesa S.A. e as empresas do seu grupo empresarial que realizan a actividade de xeración en réxime ordinario.

CAPÍTULO III

Cesión dos dereitos de cobramento ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico

Artigo 5. *Cesións de dereitos de cobramento realizadas polos titulares iniciais.*

1. Os titulares iniciais dos dereitos de cobramento terán dereito a ceder total ou parcialmente os seus respectivos dereitos de cobramento ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico nos termos previstos no artigo 6 deste real decreto.

2. O citado Fondo deberá adquirir os dereitos de cobramento cuxo compromiso de cesión lle fose comunicado polos titulares iniciais, nun prazo máximo dun ano desde a comunicación, sempre que non se produzan supostos excepcionais nos mercados. A concorrencia destes supostos deberá ser declarada en resolución motivada da Comisión Interministerial a que se refire o artigo 16. O Fondo de titulización emitirá tan axiña como a Comisión Interministerial considere que os supostos excepcionais nos mercados se

resolveron. Transcorrido un ano desde a comunicación, os titulares iniciais poderán resolver o compromiso de cesión dos dereitos de cobramento que non fosen adquiridos polo mencionado Fondo.

Artigo 6. *Procedemento de cesión ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

1. Os titulares iniciais que pretendan ceder total ou parcialmente os seus dereitos de cobramento ao Fondo de titulización deberán comunicarlles esta intención á Comisión Nacional de Enerxía e á Sociedade Xestora do Fondo. A comunicación terá a consideración de compromiso pleno, irrevogable e incondicionado de cesión.

2. A comunicación descrita no número 1 deberase realizar, para cada categoría de dereitos de cobramento, antes da data límite determinada pola Comisión Interministerial, de acordo co modelo que sexa fixado mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

3. A Comisión Nacional de Enerxía deberá emitir un certificado en que declare que toda a información proporcionada na comunicación descrita no número 1 é correcta e completa. Este certificado deberá ser emitido con anterioridade ao momento da cesión dos dereitos de cobramento ao Fondo de titulización.

4. A cesión efectiva de dereitos de cobramento por parte dos titulares iniciais ao Fondo de titulización farase polo importe correspondente ao resultado das emisións de valores por parte do dito Fondo, de acordo coas condicións fixadas e aprobadas pola Comisión Interministerial, e poderanse realizar cesións sucesivas de dereitos de cobramento a favor do Fondo de titulización, dentro do importe máximo dos dereitos de cobramento comprometidos polos titulares iniciais, segundo aquel vaia obtendo o financiamento necesario para o pagamento do prezo da cesión.

Se o importe da emisión de valores polo referido Fondo para a adquisición dos dereitos de cobramento respecto dos que exista compromiso de cesión, conforme o número 1 anterior, non alcanzar para cubrir a adquisición da totalidade dos dereitos de cobramento comunicados, a Sociedade Xestora do Fondo de titulización aplicará un rateo entre os dereitos de cobramento cuxo compromiso de cesión lle fose comunicado polos titulares iniciais conforme o disposto no número 1 anterior. O cálculo do rateo realizarase en función das cantidades comprometidas no momento de cada emisión por cada titular e, dentro da cantidade que corresponda a cada titular, os dereitos de cobramento máis recentes serán os primeiros en cederse.

5. A Sociedade Xestora, de acordo co establecido no número anterior, convocará os titulares iniciais cedentes para a formalización da cesión en documento público. Unha copia do documento público de cesión será depositada ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a Comisión Nacional de Enerxía e a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

6. Para os dereitos de cobramento 2010, 2011 e 2012, o desembolso do prezo realizarase nunha conta específica que a Comisión Nacional de Enerxía abrirá, en réxime de depósito, no Banco de España ou no Instituto de Crédito Oficial ou nunha entidade autorizada para realizar en España as actividades propias das entidades de crédito. Esta conta será utilizada, en primeiro lugar, para a devolución do principal das cantidades efectivamente financiadas polos titulares dos dereitos de cobramento e, posteriormente, para cubrir os desfases que se produzan no sistema de liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico. Calquera rendemento obtido da dita conta será considerado ingreso liquidable do sistema de liquidacións eléctrico.

7. Tanto o cedente coma o cesionario notificaránlle á Comisión Nacional de Enerxía a cesión efectuada e proporcionaránlle os datos pertinentes para os efectos da relación de titulares que a Comisión Nacional de Enerxía deberá manter conforme o artigo 14 deste real decreto.

Artigo 7. *Prezo de cesión dos dereitos de cobramento.*

1. O prezo de cesión dos dereitos de cobramento recollidos no parágrafo i) do número 1 do artigo 2 será o importe pendente de cobramento no momento da cesión, calculado conforme o procedemento establecido no artigo 3.

2. O prezo de cesión do dereito de cobramento, establecido no parágrafo ii) do número 1 do artigo 2, será o importe recoñecido dos «Dereitos de cobramento déficit 2009» actualizado ao momento da cesión conforme o procedemento descrito no artigo 3.

3. O prezo de cesión dos dereitos de cobramento, definidos no parágrafo iii) do número 1 do artigo 2, será o importe do déficit de ingresos que se recoñeza nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico, nas disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso, conforme o establecido no artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril.

CAPÍTULO IV

Activo do Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico

Artigo 8. *Activo do Fondo de titulización.*

1. O activo do Fondo de titulización estará constituído polos dereitos de cobramento que lle sexan cedidos. Así mesmo, poderá formar parte do dito activo calquera instrumento financeiro que permita unha xestión máis eficiente do Fondo.

2. O contido dos dereitos de cobramento, unha vez cedidos ao Fondo de titulización, estará integrado polos elementos seguintes:

a) Valor base na data de cesión: Na data de cesión dos dereitos de cobramento detallados no artigo 2, o valor base é o prezo de cesión conforme o establecido no artigo 7.

b) Tipo de xuro de xeración: Os importes pendentes de cobramento dos dereitos de cobramento cedidos ao Fondo xerarán xuros anuais desde a data de cesión ata a súa íntegra satisfacción.

No ano da cesión o tipo de xuro que xerará cada un dos dereitos de cobramento cedidos ao Fondo, desde a data de cesión ata o 31 de decembro do ano en que se efectúa a cesión, será a taxa interna de rendemento resultante da emisión asociada á cesión máis un diferencial de trinta puntos básicos.

No resto de anos o tipo de xuro que xerarán os dereitos cedidos ao Fondo será a taxa interna de rendemento media ponderada das emisións vivas máis un diferencial de trinta puntos básicos.

O diferencial de trinta puntos básicos estará destinado tanto a cubrir o custo financeiro derivado da posible diferenza entre o saldo vivo dos dereitos de cobramento cedidos e dos instrumentos financeiros emitidos polo Fondo, como a cubrir todos aqueloutros custos do Fondo que non estean incluídos no cálculo das taxas internas de rendemento.

O diferencial poderá ser revisado á alza ou á baixa por resolución da Comisión Interministerial sen que en ningún caso poida ser inferior a trinta puntos básicos.

Para o cálculo das taxas internas de rendemento seguiranse as seguintes regras en función da categoría de instrumentos financeiros emitidos:

Para a determinación da taxa interna de rendemento dos instrumentos financeiros con cupón fixo calcularase a taxa interna de rendemento con cupón da emisión i calculada pola Sociedade Xestora do Fondo de titulización para cada emisión mediante a mesma metodoloxía de cálculo aplicable á débeda emitida polo Tesouro Público.

Para a determinación da taxa interna de rendemento dos instrumentos financeiros que non entran na categoría de instrumentos financeiros con cupón fixo, a Comisión Interministerial deberá aprobar a metodoloxía de determinación da taxa interna de rendemento por proposta da Sociedade Xestora.

A taxa interna de rendemento deberase calcular incluídas as comisións financeiras de colocación e aseguramento, así como a comisión de aval da emisión que, se é o caso, determine a ministra de Economía e Facenda.

Para a determinación da taxa interna de rendemento media ponderada das emisións vivas aplicarase a seguinte expresión:

$$r = \sum_{i=1}^K w_i R_i + \sum_{j=1} w_j R_j$$

Onde:

R_i é a taxa interna de rendemento resultante na emisión i de instrumentos financeiros con cupón fixo.

$i=1$ é a emisión viva de instrumentos financeiros con cupón fixo máis antiga con saldo vivo no momento do cálculo.

$i=K$ é a emisión viva de instrumentos financeiros con cupón fixo máis recente con saldo vivo no momento do cálculo.

w_i é a razón entre o saldo das emisións vivas de instrumentos financeiros con cupón fixo i e o saldo total de emisións vivas no pasivo do Fondo no momento do cálculo.

R_j é a taxa interna de rendemento resultante na emisión j de instrumentos que non entran na categoría de instrumentos financeiros con cupón fixo.

$j=1$ é a emisión viva de instrumentos que non entran na categoría de instrumentos financeiros con cupón fixo máis antiga con saldo vivo no momento do cálculo.

$j=N$ é a emisión viva de instrumentos que non entran na categoría de instrumentos financeiros con cupón fixo máis recente con saldo vivo no momento do cálculo.

w_j é a razón entre o saldo das emisións vivas de instrumentos que non entran na categoría de instrumentos financeiros con cupón fixo j e o saldo total de emisións vivas no pasivo do Fondo no momento do cálculo.

Artigo 9. *Procedemento para o cálculo do importe pendente de cobramento dos dereitos de cobramento cedidos ao Fondo.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía comunicaralle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á Sociedade Xestora o importe pendente de cobramento en 31 de decembro, respecto de cada un dos dereitos de cobramento cedidos ao termo de cada exercicio, que deberá ser aprobado mediante resolución da citada dirección xeral antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte.

2. Para o cálculo do importe pendente de cobramento en 31 de decembro do ano inmediatamente precedente de cada un dos dereitos de cobramento cedidos, aplicaranse as seguintes regras:

- i) Para o ano en que se efectúa a cesión:
 - a) Tomarase como importe inicial o prezo de cesión.
 - b) A dita cantidade incrementarase cos xuros recoñecidos, resultantes da aplicación do tipo de xuro de xeración correspondente conforme o disposto no número 2 do artigo 8:

$$FA_i = \left(1 + \frac{n_t}{365} \times r_i \right)$$

Onde:

FA_i = factor de actualización do dereito de cobramento cedido asociado á emisión i .

r_i = tipo de xuro de xeración correspondente á cesión asociada á emisión i segundo o disposto no número 2 do artigo 8.

n_i = número de días do ano transcorridos desde o momento da cesión asociada á emisión i ata o 31 de decembro do ano en que se efectúa a cesión.

c) Da cantidade resultante da operación descrita na letra b anterior deducirase o importe constituído polas liquidacións devengadas, de acordo co anexo II, correspondentes ao exercicio en curso desde o momento da cesión asociada á emisión i ata o 31 de decembro.

ii) Para o resto de anos:

a) Tomarase como importe inicial o último importe pendente de cobramento recoñecido do dereito en 31 de decembro fixado na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

b) A dita cantidade incrementarase cos xuros anuais recoñecidos, resultantes da aplicación do tipo de xuro de xeración correspondente conforme o disposto no número 2 do artigo 8, calculado en 30 de novembro do ano inmediatamente precedente ao ano en curso.

c) Da cantidade resultante da operación descrita na letra b anterior deducirase o importe da anualidade recoñecida na disposición pola que se establecen as tarifas de acceso.

Artigo 10. *Fluxos de pagamento xerados polos dereitos de cobramento cedidos ao Fondo de titulización.*

1. Anualidade.—As disposicións polas que se modifiquen as peaxes de acceso determinarán, para os efectos da súa inclusión como custo permanente do sistema nas peaxes de acceso correspondentes, a anualidade necesaria para satisfacer os dereitos de cobramento definidos no artigo 8, que serán recuperadas en quince anualidades desde a data de cesión de cada un deles ao Fondo de titulización, de acordo coa seguinte fórmula:

$$A = \left(\text{IMPORTE}_{\text{pendente_de_cobramento}} \times \frac{r}{1 - (1+r)^{-p}} \right)$$

Onde:

A: importe anual.

IMPORTE_{pendente_de_cobramento}: importe pendente de cobramento definido no artigo 9.

r : tipo de xuro de xeración dos dereitos de cobramento establecido no artigo 8.2, sendo o momento de cálculo o 30 de novembro.

p : número de pagamentos anuais pendentes, desde o 1 de xaneiro do ano en que se vaia calcular a anualidade ata a data final de vencemento.

Para os efectos da actualización dos importes que se deban incluír nas disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas solicitará un informe á Comisión Nacional de Enerxía da estimación do importe anual que se aboará ao Fondo de titulización en cada unha das revisións das tarifas de acceso. Pola súa banda, a Sociedade Xestora do Fondo deberá remitirle á Comisión Nacional de Enerxía, o 30 de novembro de cada ano ou cando a CNE llo solicite, o tipo de xuro de xeración dos dereitos de cobramento para o próximo ano.

No ano en que se efectúe a cesión, a Comisión Nacional de Enerxía calculará unha nova anualidade para cada cesión de dereitos de cobramento asociada á emisión i de acordo coa seguinte fórmula:

$$A_i = \left(\text{IMPORTE}_{\text{pendente_de_cobramento } i} \times \frac{r_i}{1 - (1+r_i)^{-15}} \right) \times \frac{n_i}{365}$$

Onde:

A: importe anual.

$\text{IMPORTE}_{\text{pendente_de_cobramento } i}$: prezo da cesión asociada á emisión i.

r_i = tipo de xuro de xeración correspondente á cesión asociada á emisión i segundo o disposto no número 2 do artigo 8.

n_i = número de días do ano transcorridos desde o momento da cesión asociada á emisión i ata o 31 de decembro do ano en que se efectúa a cesión.

A diferenza resultante entre as novas anualidades calculadas de acordo co procedemento descrito no parágrafo anterior e a parte proporcional da anualidade incluída nas peaxes de acceso para o mesmo período será considerada como custo ou ingreso liquidable do sistema.

No caso de que se produzan tanto novas emisións non asociadas a novas cesións de dereitos como amortizacións de instrumentos financeiros, considerarase como custo ou ingreso liquidable do sistema a seguinte expresión:

$$L = \left(\text{IMPORTE}_{\text{pendente_de_cobramento}} \times (r_1 - r_2) \right) \times \frac{n}{365}$$

Onde:

L: custo ou ingreso liquidable do sistema.

$\text{IMPORTE}_{\text{pendente_de_cobramento}}$: importe pendente de cobramento en 31 de decembro do ano inmediatamente precedente á nova emisión ou amortización.

r_1 = tipo de xuro de xeración calculado no momento da nova emisión ou amortización.

r_2 = tipo de xuro de xeración calculado en 30 de novembro do ano inmediatamente precedente á nova emisión ou amortización.

n = número de días do ano transcorridos desde o momento da nova emisión non asociada a novas cesións de dereitos ou amortización de instrumentos financeiros ata o 31 de decembro do ano en curso.

Adicionalmente, tanto a Comisión Nacional de Enerxía coma a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderán solicitar da Sociedade Xestora canta información sexa necesaria para o cálculo das anualidades, así como calquera outra que sexa necesaria no exercicio das súas competencias.

2. Fluxos de pagamento ao Fondo de titulación.—O Fondo percibirá a parte da anualidade que lle corresponda recoñecida nas disposicións polas que se aproban as peaxes de acceso así como os axustes realizados a estas segundo o establecido no punto anterior deste artigo.

Repartirase a anualidade de acordo co procedemento xeral de periodificación de custos que aplica a Comisión Nacional de Enerxía, recollido no anexo I.

CAPÍTULO V

Pasivo do Fondo de titulación

Artigo 11. *Pasivo do Fondo de titulación.*

1. O pasivo do Fondo de titulación estará constituído polos instrumentos financeiros que se emitan. A emisión dos ditos instrumentos realizarase tendo en conta as condicións de mercado imperantes, co obxectivo xeral de minimizar o custo de financiamento ao

longo da vida do citado Fondo. Así mesmo, poderá formar parte do dito pasivo calquera instrumento financeiro que permita unha xestión máis eficiente do Fondo de titulización.

2. A emisión dos ditos instrumentos financeiros realizarase ou ben a prezo convido ou estimado coas entidades financeiras que dirixan a colocación, que terá en conta as condicións do mercado no momento de se realizar a emisión, ou ben mediante un procedemento de poxa. As poxas serán convocadas pola Comisión Interministerial, que determinará os seus prazos e condicións.

Artigo 12. *Procedemento de selección das entidades colocadoras.*

1. No primeiro dos casos mencionados no número 2 do artigo 11 as entidades seleccionaranse de forma individual mediante un procedemento competitivo baseado nos seguintes criterios:

a) Criterios de carácter técnico, que terán en consideración a súa capacidade para distribuír instrumentos financeiros similares tanto en mercados nacionais como estranxeiros, a súa experiencia neste tipo de operacións e a súa capacidade de asesoramento.

b) Criterios de carácter económico en relación coa contía das comisións que cobrarán as ditas entidades polos seus servizos prestados e indicacións de prezo orientativo ao que consideran viable a colocación.

Estes criterios serán concretados pola Comisión Interministerial e publicados, coa debida antelación, na páxina web da Sociedade Xestora do Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico. Así mesmo, tamén se poderán ter en conta compromisos adicionais que as entidades financeiras estean dispostas a asumir co Fondo de titulización, incluído o compromiso de adquisición parcial da emisión en condicións de mercado ou de adquisición da contía non colocada.

2. Nas sucesivas emisións do Fondo de titulización revisaranse as entidades seleccionadas conforme os criterios establecidos no número 1 deste artigo e terase en conta a actuación destas entidades en emisións anteriores do mencionado Fondo.

3. A Sociedade Xestora será a encargada de recibir as ofertas das entidades interesadas. A selección final de entidades colocadoras corresponderalle á Comisión Interministerial unha vez que a Sociedade Xestora lle remitise as ofertas das ditas entidades.

Artigo 13. *Desfases de tesouraría.*

Para cubrir eventuais desfases de tesouraría entre ingresos e pagamentos do Fondo de titulización, para cubrir tanto principal como xuros e os gastos iniciais do citado Fondo por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase constituír unha liña de crédito do ICO en condicións de mercado. A dita liña de crédito en ningún caso se utilizará para cubrir un déficit de ingresos nin desviacións conxunturais entre ingresos e gastos das actividades reguladas no sector eléctrico.

CAPÍTULO VI

Relación de titulares e dereitos de información

Artigo 14. *Relación de titulares.*

Para os efectos de calcular o importe pendente de pagamento de cada un dos dereitos de cobramento previstos neste real decreto así como de proceder ao pagamento das cantidades correspondentes, a Comisión Nacional de Enerxía levará unha relación actualizada dos ditos titulares por importe ou, se é o caso, porcentaxes que posúan, en que constarán:

a) Nome do titular, cos datos identificativos deste.

- b) Categoría do dereito de cobramento.
- c) Porcentaxe dos dereitos de cobramento que lle correspondan.
- d) Importe pendente de pagamento por titular rexistrado.
- e) Data de efectividade da adquisición ou recoñecemento, se é o caso, do dereito.
- f) Datos da conta bancaria do titular do dereito en que a Comisión Nacional de Enerxía debe efectuar os pagamentos que procedan.
- g) Cantidades percibidas e os xuros xerados polo ou polos cedentes anteriores dentro do mesmo exercicio.

Artigo 15. *Dereitos de información dos titulares.*

Os titulares actuais en cada momento do dereito de cobramento de que se trate poderán obter da Comisión Nacional de Enerxía tanta información sexa necesaria da relación de titulares para contrastar a corrección dos cálculos que lle incumben en cuxa virtude se determinasen as cantidades que percibisen, así como para prever as cantidades que percibirán no futuro.

CAPÍTULO VII

Comisión Interministerial

Artigo 16. *Creación e adscrición da Comisión Interministerial.*

1. Créase unha Comisión Interministerial que ten como finalidade velar polo correcto cumprimento das condicións en que se deben executar as tarefas asignadas á Sociedade Xestora do Fondo de titulación.

2. A dita Comisión Interministerial é un órgano colexiado dos previstos no artigo 40.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e adscríbese ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da Secretaría de Estado de Enerxía.

Artigo 17. *Composición.*

1. A Comisión Interministerial está composta por dous representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e dous representantes do Ministerio de Economía e Facenda.

2. Os representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio serán o secretario de Estado de Enerxía, o cal desempeñará a presidencia da Comisión, e o director xeral de Política Enerxética e Minas. Os representantes do Ministerio de Economía e Facenda serán o secretario de Estado de Economía, que actuará como vicepresidente, e a directora xeral do Tesouro e Política Financeira.

3. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o avogado do Estado xefe da área de Industria e Enerxía da Avogacía do Estado do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Artigo 18. *Funcións.*

As funcións da Comisión Interministerial son, entre outras:

1) Velar, a través do Comité de Seguimento, polo correcto cumprimento das condicións en que se deben executar as tarefas asignadas á Sociedade Xestora do Fondo de titulación. Para o cumprimento da dita función, o Comité de Seguimento informará, coa periodicidade que estableza a Comisión Interministerial, sobre o cumprimento das súas tarefas, e a Comisión poderá adoptar as resolucións necesarias en cada momento;

2) Convocar as poxas de instrumentos financeiros do Fondo de titulación e determinar os prazos e condicións delas;

3) Aprobar o prezo dos instrumentos financeiros convidado ou pactado coas entidades de crédito conforme o establecido no primeiro dos casos do número 2 do artigo 11 deste real decreto;

4) Aprobar a contratación de instrumentos financeiros por parte do Fondo de titulización;

5) Fixar a fórmula de cálculo da TIR dos bonos sen cupón fixo por proposta da sociedade xestora;

6) Determinar as datas límites de cesión ao Fondo de titulización das distintas categorías de dereitos de cobramento;

7) Declarar os supostos excepcionais dos mercados de capitais que aconsellen atrasar as emisións, así como a súa resolución; e

8) Revisar á alza ou á baixa o diferencial a que se fai referencia na letra b do artigo 8.2, sen que en ningún caso poida ser inferior a trinta puntos básicos e

9) Dispor o cesamento da Sociedade Xestora do Fondo de titulización en caso de que o Comité de Seguimento determine que a dita Sociedade non cumpriu satisfactoriamente as condicións establecidas nos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas.

A Comisión Interministerial poderá delegar parte destas funcións no Comité de Seguimento que se creará mediante orde ministerial por proposta conxunta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e do Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 19. *Funcionamento.*

1. Sen prexuízo das peculiaridades establecidas neste real decreto e, se é o caso, nas súas regras de funcionamento interno, as convocatorias da Comisión Interministerial, así como o seu réxime de constitución, de adopción de acordos e de realización das sesións, axustarase ao previsto en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os membros da Comisión poderán ser substituídos por un representante do mesmo ministerio, previamente designado polo membro que vaia substituír. Para estes efectos, un secretario de Estado poderá ser substituído por un director xeral e un director xeral por un subdirector xeral.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade de ambos os secretarios de Estado, actuará como presidente da Comisión o director xeral de Política Enerxética e Minas.

Artigo 20. *Asesoramento técnico.*

A Comisión Interministerial poderá solicitar o asesoramento técnico da Comisión Nacional de Enerxía e da Comisión Nacional do Mercado de Valores polas especiais condicións de experiencia e coñecementos que concorren en tales organismos.

Artigo 21. *Custo económico.*

A aplicación das previsións contidas neste real decreto non supón aumento do gasto público, toda vez que o funcionamento da Comisión Interministerial se desenvolverá cos recursos humanos e cos medios materiais existentes.

Disposición adicional primeira. *Cálculos previstos neste real decreto.*

Para os efectos da realización dos cálculos que deriven da aplicación deste real decreto empregaranse valores en euros con dous decimais e tipos de xuros con cinco decimais. As cantidades destinadas ao aboamento aos titulares do dereito de cobramento que como consecuencia da aplicación de tal regra resulten sobrantés, consideraranse ingresos do sistema.

Disposición adicional segunda. *Sobre os dereitos de cobramento adxudicados en poxa para o financiamento dos déficit ex ante correspondentes ao ano 2008.*

O contido e características do dereito de cobramento correspondente á parte adxudicada en poxa para o financiamento ex ante do desaxuste de ingresos das actividades reguladas recoñecido en 2008 seguirase rexendo polos actos de adxudicación daquel e polo establecido na Orde ITC/694/2008, do 7 marzo, pola que se regula o dereito de cobramento correspondente ao financiamento de déficit ex ante de ingresos das liquidacións das actividades reguladas e o seu procedemento de poxa.

Disposición adicional terceira. *Exoneración de determinadas obrigas ás empresas titulares dos dereitos de cobramento.*

Para os efectos da cesión dos dereitos de cobramento recoñecidos, as empresas titulares iniciais dos dereitos de cobramento quedarán exoneradas da obriga recollida no parágrafo 1.º do artigo 2.2.a) do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación, de dispoñer de opinión favorable no último exercicio das súas contas auditadas.

Disposición adicional cuarta. *Liquidación do Fondo de titulación.*

En caso de existir tesouraría remanente no Fondo de titulación no momento da súa liquidación, unha vez satisfeitos os compromisos de pagamento derivados das emisións efectuadas e todos os gastos que se deban satisfacer por conta do citado Fondo, a dita tesouraría considerarase un ingreso liquidable do sistema do exercicio en curso.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e execución.*

Facúltase a ministra de Economía e Facenda e o ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas respectivas competencias, para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Procedemento xeral de periodificación de custos da Comisión Nacional de Enerxía

A estrutura dos fluxos para dous exercicios sucesivos (sendo Dn-1, Dn, Dn+1 as cantidades anuais a que teñen dereito os titulares da percepción nos exercicios n-1 a n+1) farase segundo o recollidos na seguinte táboa:

Liquidación	Data máxima de cobramento dos dereitos	Remuneración
1 n-1.	15 abril n-1.	2,333% Dn-1.
2 n-1.	15 maio n-1.	7,083% Dn-1.
3 n-1.	15 xuño n-1.	8,333% Dn-1.
4 n-1.	15 xullo n-1.	8,333% Dn-1.
5 n-1.	15 agosto n-1.	8,333% Dn-1.
6 n-1.	15 setembro n-1.	8,333% Dn-1.
7 n-1.	15 outubro n-1.	8,333% Dn-1.
8 n-1.	15 novembro n-1.	8,333% Dn-1.
9 n-1.	15 decembro n-1.	8,333% Dn-1.
10 n-1.	15 xaneiro n.	8,333% Dn-1.
11 n-1.	15 febreiro n.	8,333% Dn-1.
12 n-1.	15 marzo n.	8,333% Dn-1.
13 n-1 +1 n.	15 abril n.	6% Dn-1 +2,333% Dn.
14 n-1 +2 n.	15 maio n.	1,25% Dn-1 +7,083% Dn.
3 n.	15 xuño n.	8,333% Dn.
4 n.	15 xullo n.	8,333% Dn.
5 n.	15 agosto n.	8,333% Dn.
6 n.	15 setembro n.	8,333% Dn.
7 n.	15 outubro n.	8,333% Dn.
8 n.	15 novembro n.	8,333% Dn.
9 n.	15 decembro n.	8,333% Dn.
10 n.	15 xaneiro n+1.	8,333% Dn.
11 n.	15 febreiro n+1.	8,333% Dn.
12 n.	15 marzo n+1.	8,333% Dn.
13 n +1 n+1.	15 abril n+1.	6% Dn +2,333% Dn+1.
14 n +2 n+1.	15 maio n+1.	1,25% Dn +7,083% Dn+1.

ANEXO II

Táboa de imputación temporal das liquidacións devengadas

Para os efectos exclusivos do procedemento de cálculo do importe pendente de cobramento dos dereitos que poden ser cedidos ao Fondo, as liquidacións devengadas imputaranse temporalmente segundo a seguinte táboa.

Liquidación	Inicio devengo	Fin devengo
1	01-xaneiro	31-xaneiro
2	01-xaneiro	31-xaneiro
3	01-febreiro	28-febreiro
4	01-marzo	31-marzo
5	01-abril	30-abril
6	01-maio	31-maio
7	01-xuño	30-xuño
8	01-xullo	31-xullo
9	01-agosto	31-agosto
10	01-sep	30-setembro
11	01-outubro	31-outubro
12	01-novembro	30-novembro
13	01-décembro	31-décembro
14	01-décembro	31-décembro

O Fondo percibirá a parte da liquidación correspondente ao mes en que se efectúe a cesión en proporción ao número de días transcorridos desde a data de cesión ata o último día do mes (ambos os dous inclusive).